# ID#581

Malpica - Malpica de Bergantiños, 1980-03
**Informante**: Sebastián Rois Porto (mariñeiro, 64)
**Compiladora**: Dorothé Schubarth
**Transcrición**: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

(4)

- N. I - Sobor da peste dos porcos.

2 354.

1) Somos-las mulleres
que vimos comprar
os nosos vacaros
pa poder criar.

A 2 / I 282 162

2) Baixou unha pest' a Malpica,
veu facer moitos estraghos,
qu' houbo unha chea de pobres
que quedaron sin vacaros.

B

3) Criábanos con afán,
con intinción de matar
a ver se par' ó inverno
tiñan algho que salar.

*Audio de procedencia: MPG_SchSa_0138_004_en_Ponteceso_III_1_354_id581*

DO PATRIMONIO ORAL DA IDENTIDADE ARQUIVO
A P O I
Museo do Pobo Galego
instituto de estudos das identidades

Ponteceso III, 1, Malpica, Marzal 1980
Sebastian Rois Porto 64 anos, mariñeiro
CD 138 4

- N. I - Sobor da peste dos porcos.

III,1,

4) Pero moi pronto baixou
esa peste desgraciada
que lle quitou nas ideas
sin adiantarse nada.

5) Buscaron mil manciñeiros
que lle entenderan o mal
e dentro de poucos días
tiñan qu´ir pó areal.

6) Alí era ò cementerio
de cantos porcos morrían
non se paraba en Malpica
con ~~tanto~~ tal cheirume qu´había.

7) Rezatábanlle a Atalaia
os Carreiros e Canido,
as millores madicinas
foron as que dou Verdillo.

8) Enchíanlles sal lighera
e d´aceite alghunha ghota
varias cortadas no rabo
escarnizáball´a boca.

1:35 9) E que decía de Carral
estando tan separado,
tan retirado do mundo
enfermoulle o seu vacaro.

10) Anque era un animal
tíñano ben respetado
con melgha seca por baixo (melghacho ? ?)
e por riba un encerado.

11) Un día estando comendo
foi o pequeno mirar,(o cantador)
levantoulle o encerado,
non o vio espernear.

DO PATRIMONIO ORAL DA IDENTIDADE ARQUIVO
APOI
Museo do Pobo Galego
instituto de estudos das identidades

Ponteceso III, 1, Malpica, Marzal 1980
Sebastian Rois Porto 64 anos, mariñeiro
CD 138-4

- N. I - Sabor da peste dos porcos.

III,1,

12) O rapaz todo asustado
a Carral llo foi decir,
e Carral collío o libro,
axudouno a ben morir.

3:23

13) A nai decía: "Ádios porco,"
os fillos: "adios, rinchóns,
que queríamos comelos,
quedamos cas intincións"

14) E Delores da Carrilla
vendo o seu porco morrer
doulle varias lavativas
sin saber qu'iba facer.

15) Un día cun xiringazo
non se soupo entender
quedoulle a xiringa dentro
non ña pudo coller.

16) Dispoi-la pobre muller
tuvo que determinar
de meter o dedo dentro,
empezou de cachear.

17) E Blanco da Atalaia
tamén lle pasou así,
abríulle a ghorxa o medio
a ver se o tiña alí.

18) O porco morría co mal
ou porque quixo morrer
que non foi polo melghacho
que inda estaba sin comer.

19) Poila Capellana A
tamén o coidou
hasta caldo limpo
o porco lle dou.

# ID#581

Ponteceso III, 1, Malpica, Marzal 1980
Sebastian Rois Porto 64 anos, mariñeiro

cl) 138 4-5

\- N. I -

III,1,

20) Manoel de Dorinda A
foi baña-lo porco
levouno pra casa
e mourreulle ó lombo.

FIN .

3:49

---